




BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Xaneiro 2026 • Nº 307

Autora: Esther Marín
Otero, gañadora do
Concurso de Tarxetas de
Nadal Concello de Vedra



XANEIRO

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

CALENDARIO 2026

■ Cada fogar de Vedra recibe o seu calendario para este 2026 que estreamos!! Se non é así ponte en contacto no teléfono 981 814 691.



ADMINISTRACIÓN LOCAL	
Oficina xeral	981 814 612
Departamento Cultura e Juventude	981 814 691
Departamento Enerxía	981 814 692
Departamento Servizo Bóveda	981 814 693
Departamento Urbanismo	981 814 694
AM, Alcantarillado e Assecuración	981 814 695
Departamento Contratación	981 814 696
Alcalde	981 814 697
Oficina CIGAS	981 814 698
Endemias e Saúde	981 814 699
Web	www.concellovedra.gal
Facebook	https://www.facebook.com/concellovedra
Redes sociais	https://www.instagram.com/concellovedra
EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS	
Centro Biblioteca SP. Jalea	981 814 694
Centro Bodega	981 814 695
Ludoteca	981 814 696
Oficina Turismo	981 814 697
Ministerio Vela	981 814 698
Pavillón Polideportivo Municipal	981 814 699
A Selação, Centro de emprego	981 814 700
CENTROS EDUCATIVOS	
Escuela municipal	981 814 694
CPH Parroquia de Vela	981 814 695
CEP Orizaba	981 814 696
CPH Recreación Vela "Nave Vela"	981 814 697
XILANDO	
Xilado de Paz de Vela (Merle e Xove)	981 814 698
SERVICIOS	
Oficina Correos Vela	981 814 694
Servizo de Benestar	981 814 695
Asesoramento de saúde	981 814 696
Recollida de residuos	981 814 697
Protección ambiental	981 814 698
AVARIAS	
Fonores (para particulares)	981 814 699
FARMACIAS	
Vela	981 814 694
Vela Cruz	981 814 695
EMERGENCIAS	
Protección Civil	981 814 696
Bomba de Vela	981 814 697
Emerxencias 112	981 814 698

MENSAXE DE NADAL:

A Corporación Municipal de Vedra
desexa para este 2026 que se achega:

#PAZ

#ILUSIÓN

#SAÚDE

#SOLIDARIEDADE

#CONCORDIA

#FAMILIA

SABÍAS QUE...

■ VEDRA CONTA CON CINCO DESFIBRILADORES PÚBLICOS?

Sendo un dos municipios galegos que máis aposta por esta iniciativa, consciente da importancia destes dispositivos á hora de salvar vidas.

Onde se atopan?

- Na Casa do concello.
- No Pavillón Municipal de Deportes.
- No local social da Asociación

Unión e Progreso de San Xián de Sales.

- No Campo de Fútbol "Manuel Silva" do C.D. San Mamede.
- No Campo de Fútbol do Coto "Juan Castro" en Santa Cruz de Ribadulla.

Varias empresas de Vedra contan tamén con eles e xa foron fundamentais para salvar vidas.

RESCATE CARDIACO





ASÍ FOI MUNICIPAL



Entrega de Premios do Concurso de Postais de Nadal Concello de Vedra 2025.



Gala de Nadal da actividade de patinaxe.



Festival de Nadal de Corais do Concello de Vedra.



Merenda Baile da Terceira Idade de Vedra.



Xornada "Obrigas legais, Documentais e contables das Asociacións" impartida no Centro de Emprendemento e pensada para integrantes de asociacións.



Sesión da Escola de Saúde Comer con Sentidiño impartida pola nutricionista Allyson Monzón.



Visita de Agadea á Casa do Concello polo Nadal.



Visita do colectivo Nas Mans da Avoa á Cruz Vermella de Santiago de Compostela.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Cantarelas de Nadal e Festa Fin de Ano da Asociación Cultural San Campio.



Audicións en Familia coa Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Concerto de Nadal da Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla.



Festival da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla.



Xuntanza de Nadal da Asociación da Terceira Idade do Burgo.



Escola Ambiental de Nadal da Asociación AMABUL.

De Interese

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ Data para este servizo gratuíto polo que aposta o concello de Vedra.

- **NO MES DE XANEIRO: O MARTES 19.** Obrigatorio asistir con cita previa.

Reservas no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 14:00 horas)

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.



XULGADO DE PAZ

■ **ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.**

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 13:00 HORAS.



Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha anomalía na iluminación pública municipal chama ao 699 304 702 para así poder arranxala.

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e solicita que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuíto que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

LEMBRA que o alumeado é led e está programado, polo que o cambio horario recentemente estreado pode implicar certos desaxustes neste sistema.

Medio Ambiente



COMPOSTAXE DOMÉSTICA EN VEDRA

■ O Concello de Vedra dálles a oportunidade a todos os fogares do municipio para que poidan realizar unha compostaxe de calidade.

Para iso, só tes que solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a residuoskmcero@concellodevedra.gal cos teus datos: nome completo, enderezo, dni, teléfono e correo electrónico.

E se xa fas compostaxe, podes recibir asesoramento a través do teléfono da compostaxe (dispoñible de luns a venres de 16:00 a 20:00h).



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio, impedin-



do deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias, evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost.

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con RESIDUOS KMCERO.

EN XANEIRO... EN E.E.U.U. CON MONCHO PEREIRAS CALDELAS.

■ Comezamos esta sección cun vedrés afincado en Washington D.C. fai 28 anos.

Trátase do veciño de Ponte Ulla **Moncho Pereiras Caldelas**, que traballa na “Taberna del Alabardero” moi preto da Casa Blanca fai case 30 anos.

Un traballo que xa o fixera viaxar a Madrid e que lle cambiou a vida por completo cando lle ofreceron cruzar o charco.

Con tanto tempo na cidade norteamericana creou alí a súa familia e ten alí formada a súa vida... Aínda así segue sendo de Ponte Ulla de corazón!!



Información sobre a sección...

Cada mes contaremos unha historia sobre alguén de Vedra que traballa e/ou estuda fóra do noso país.

Para coñecer máis casos... escribenos a cultura@concellodevedra.gal ou contacta co 663 893 398 (preferiblemente whatsapp).

**VEDRA
POLO MUNDO**

Deporte

ETAPA DE SENDEIRISMO O SÁBADO 17 DE XANEIRO

■ PERCORRIDO: Dende Carballedo ata Quiresa.

LUGARES E HORARIOS DE RECOLLIDA do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 07:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 07:40 horas.
- Parada no Breixo ás 07:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 07:55 horas.
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 horas.

INFÓRMATE SOBRE ESTA ACTIVIDADE NO TELÉFONO 981 814 691.



XXX XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA

■ En febreiro chega o programa de conmemoración destas xornadas que en cada edición completan a súa axenda con citas culturais, deportivas, formativas, artísticas...

PRIMEIRA PARADA...

■ O Concurso de Debuxo Arredor da Camelia!

Que nesta ocasión abre as súas bases tamén para o público adulto. Dispoñibles as ditas bases na páxina web municipal.

ADEMAIS...

BÓTALLE XA UN OLLO ÁS SÚAS CITAS DEPORTIVAS:

■ XV BTT CICLOTURISTA POLO VAL DO ULLA DOMINGO 1 DE FEBREIRO DE 2026

Saída do velódromo de Vedra.

- Inscricións: en www.galitimining.com.
- Prezo: 20 €.
- Ruta Curta: 40 Km.
- Ruta Longa: 62 Km.

■ X CARREIRA POR MONTAÑA A CAMELIA CO CLUB VÉRTICE POR MONTAÑA SÁBADO 7 E DOMINGO 8 DE FEBREIRO DE 2026

Saída e meta en Santa Cruz de Ribadulla (Vedra).

Máis información e inscricións: <https://clubvertice.es/a-camelia/>

Programa sábado 7 de febreiro

- **Trail Nocturno:** 11 km / +400. O misterio e a adrenalina de correr de noite, ata o Pico Sacro e volta.
- **PequeTrail:** carreiras para peques, de 6 a 14 anos.

Domingo 8 de febreiro:

- **Trail do Pico:** 33 km / +1700. Con zonas moi técnicas e a subida ao teito da proba, o icónico Pico Sacro.
 - **Trail do Castro:** 22 km / +1050. Unha distancia esixente que concentra os puntos máis vertixinosos da Camelia.
 - **Trail das Fervenzas:** 14 km / +530. Unha proba rápida pero que ten sorpresas técnicas e unha paisaxe espectacular.
 - **Trail da Cruz do Couto:** 9 km / +280. Unha distancia adecuada para iniciarse no trail.
 - **Andaina:** 12 km. A oportunidade de gozar de paisaxes maravillosas na zona do Ulla: paseo das oliveiras, carballeiras, bosques de ribeira...
- Probas combinadas:
- **Combinada 33 km:** Trail Nocturno + Trail do Castro.
 - **Combinada 25 km:** Trail Nocturno + Trail das Fervenzas.



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 **NON É IMPRESCINDIBLE**, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:


1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Proxección da curtametraxe "Raíces, da Utopía en adiante". Coloquio.

Trátase de poñer en valor os procesos creativos colectivos e a importancia dos vínculos nos procesos educativos de transformación social e desenvolvemento comunitario.

Coa participación de Feitoría Verde, Illa Bufarda, Asociación Veciñal o Regueiriño de Biduído. Programa de Voluntariado Interxeracional do Concello de Vedra. (aberto ao público en xeral)

Xoves 15 de xaneiro ás 20:00 h.



Bingo de Nadal.

■ Liga de Brisca

Ao longo dos meses de xaneiro e febreiro.

Inicio o 16 de xaneiro.

■ Bingo

Xoves 22 de xaneiro ás 20:00 h.

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 28 de xaneiro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá trata-

mento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 19 de xaneiro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

LUDOTECA

■ Chega un novo ano e dende a Ludoteca queremos comezalo cargadiños/as de ilusións, comezaremos o ano escribindo a carta aos Reis.

Ao longo do mes de Xaneiro comezaremos unha nova aventura a través do xogo.



- Para iso, realizaremos diferentes actividades, como localización temporal, xogos espazo-temporais, contacontos, elaboración de alimentos, decoración e moitas cousas máis.

- Festa de fin de ano!! Despide o ano con nós tomando as uvas!!

- Día da Paz. Contacontos e Xogamos en valores, iremos traballando o concepto da paz e os valores a través de varios contos recollidos no libro "Niños de valor".

- Super chef: Como tódolos meses, faremos un taller de cociña para chuparse os dedos! Facemos a nosa rosca de Reis!!!

- O profesor chifrado nos traerá de novo, un dos seus experimentos tan divertidos!!



XUNTA
DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello
de Vedra



QUE O REGALO DE REIS PARA ESTE ANO SEXA ... CORRESPONSABILIDADE! VIVAMOS EN IGUALDADE

INFORMACIÓN DE INTERESE

VIOLENCIA DE XÉNERO

Teléfono da muller:
900 400 273 (24 horas)
981 814 693

Servizos Sociais Comunitarios Concello de Vedra.
(L-V de 9.00 a 14.00 horas)


Atención CIM:
Asesoría Xurídica
(venres de 9:00 a 14:00 horas.)
Atención psicolóxica
(martes de 9:00 a 14:00 horas.)
682 508 507 (WhatsApp)

ANTE SITUACIÓNS DE PERIGO:

Abandoar o domicilio
se é posible

Pedir axuda
(Teléfono emerxencias 061/112)

Colaboración veciñal
Ante sinais de violencia de xénero dar aviso.



■ A área de Igualdade do Concello de Vedra traballa diariamente con diferentes programas e actuacións destinadas a eliminar todos os obstáculos que se interpoñen no avance das mulleres, erradicar a violencia de xénero no Concello de Vedra. Visibilízase a súa situación, as súas necesidades e os seus problemas. Así mesmo, poténciase a súa presenza na sociedade e garántese a súa inclusión nos ámbitos de poder e a toma de decisións, fomentando a súa participación

en todos os niveis da comunidade. Valóranse as súas achegas e capacidades na elaboración, planificación e desenvolvemento dos servizos locais.

Ademais, todas as nosas iniciativas están encamiñadas á sensibilización da sociedade g sobre a necesidade de eliminar as prácticas sociais e costumes que perpetúan as discriminacións históricas padecidas polas mulleres.



ALERTCOPS

Botón SOS


PERSONAL SANITARIO



www.alertcops.es



ENTROIDO EN SAN MIGUEL DE SARANDÓN O SÁBADO 24 DE XANEIRO COA ASOC. CULTURAL SAN CAMPIO



ENTROIDO 2026 SAN MIGUEL DE SARANDÓN 24 DE XANEIRO

SAÍDA AS 10:30 DO CAMPO DA FESTA

- 11:00 SILVA DE ABAIXO (Cruce da Casanova)
- 11:45 XIMONDE (Cruce de Gerardo de Picans)
- 12:15 XIMONDE (Cruce do furancho de Manolo de Casimiro)
- 13:00 CAXARAVILLE (Cruce da entrada de Rivelino)

SAÍDA AS 15:00 DO CAMPO DA FESTA

- 15:15 CIMADEVILA (Cruce de Virgilio)
- 16:00 SARANDÓN (Cruce Destilería Pepe Albela)
- 16:45 SARANDÓN (Cruce de Sarandón)

PREMIOS PARA:
DISFRAZ MÁIS ORIXINAL | MELLOR CARROZA | COMPARSA MÁIS NUMEROSA

AS 18:30 ATRANQUES NO CAMPO DA FESTA
AO REMATAR, ACTUACIÓN MUSICAL CON
IRENS ANGUSIRA

ENTROIDO EN SAN XIÁN DE SALES: O SÁBADO 21 DE FEBREIRO

Con percorrido pola parroquia todo o día e remate no campo da festa cos Atranques dos Xenerais da Ulla.



ENTROIDO SAN XIÁN DE SALES

Sábado 21
Febreiro
2026

SAÍDA DO CAMPO DA FESTA AS 10:30H
XENERAIS, CORREOS, COROS E COMPARSAS.
ATRAQUES A PARTIR DAS 19:30H
CONTINUAREMOS CON
DUO DILEMA

Importante: Os que queiran participar cunha comparsa deben chamar ao teléfono 628831212. Todos os vehículos a motor terán que ter os seus correspondentes seguros para poder participar no entroido.

ENTROIDO EN VILANOVA: O SÁBADO 7 DE FEBREIRO

Con percorrido pola parroquia durante todo o día coa Unión Carnavalesca de San Pedro de Vilanova.

Ao rematar xuntanza no campo de festa de Picón con moita festa e os tradicionais Atranques dos Xenerais da Ulla.



ENTROIDO VILANOVA

COMITIVA CO CORO DE BONITO E
PARRANDA DE VELLOS,
CORREOS E XENERAIS...
CANTICOS, VIVAS, TROULA
E MOITAS SORPRESAS...

SÁBADO
7
Febreiro

Percorrido por toda a parroquia a partir das 10:00 h.

ATRAQUES EN PICÓN
AS 20:00 H.

Organiza: Unión Carnavalesca de Vilanova
Colabora: Concello de Vedra

ENTROIDO EN TROBE O DOMINGO 22 DE FEBREIRO



ENTROIDO TROBE

CORO DE BONITO E
PARRANDA DE VELLOS,
CORREOS E XENERAIS...
CANTICOS, VIVAS
E MOITAS SORPRESAS...

DOMINGO
22
Febreiro

Percorrido por toda a parroquia a partir das 11:30 h.
Punto de encontro: Local Multiúsos

Organiza: A.C. e de Festexos de Trobe
Colabora: Concello de Vedra
"Virxe do Carme"

PROGRAMACIÓN DA ASOCIACIÓN DA TERCEIRA IDADE O BURGO - VEDRA

■ Este colectivo comeza o 2026 con moita enerxía e unha completa axenda:

- Domingo, 25 de xaneiro, Asemblea Xeral.
- Todos os mércores, de 17:00 a 18:00 h, baile en liña na Casa da Cruza (San Xián de Sales)
- Do 19 ao 22 de marzo, excursión a Lisboa. Prazas limitadas.

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS NO TELÉFONO 639 811 666.



Actividade de Baile en Liña da Asociación da Terceira Idade do Burgo.

CONCURSO DE CARTEIS TEATROFILIA 2026 ASOC. CULTURAL PAPAVENTOS

CONCURSO DE CARTEIS TEATROFILIA

PARA ANUNCIAR

En tamaño A3

Válido en calquera técnica

Inclúe no cartel en lugar destacado:

Teatrofilia

XXI Mostra de Teatro Amador de Vedra

"Teatrofilia" en tipografía Alba

Podes presentalo ata o 09.01.2026:

- No Concello de Vedra
- Por correo postal
- Por correo electrónico



Premio 350 €
Accésit infantil (3-12)



Rúa da Boca, nº 9 - Santa Baia
15885 Vedra - A Coruña
ac_papaventos@yahoo.es

BASES: www.asociacionpapaventos.blogspot.com

Vedra Festeira

FESTAS PATRONAIS EN SAN XIÁN DE SALES OS DÍAS 9, 10 E 11 DE XANEIRO

SAN XIÁN DE SALES

VEDRA • 2026

venres 9 xaneiro

Festa na honra a San Sebastián

Misa solemne ás 13:00h. cantada polo CORO LEDICIA de San Xián de Sales

Sesión vermut a cargo da orquestra IBIZA

Pola noite gran verbena con

orquestra IBIZA

e orquestra **ORIGEN**

1000m² de carpa cerrada

sábado 10 xaneiro

Festa na honra a Virxen das Dores.

Misa solemne ás 13:00h. cantada polo CORO LEDICIA de San Xián de Sales

Sesión vermut a cargo de

PANDERETEIRAS SILANDEIRAS e DÚO DELUXE

Pola noite gran verbena con

OLYMPUS e DÚO DELUXE

domingo 11 xaneiro

Festa na honra a San Xulián

Misa solemne ás 13:00h. cantada polo CORO LEDICIA de San Xián de Sales

Sesión vermut a cargo de

ESFOLLADORES DE ILLOBRE e DÚO DELUXE

ORGANIZA: COMISIÓN DE FESTAS DE PARADELA



A AUGARDENTE “VEDRA DO ULLA” DE AUGARDENTES DE GALICIA S.L.

■ Polo seu POTE DE OURO recibido na “CATAS DE GALICIA 2025” organizado pola consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.




AO VIÑO VEDRÉS “FOLÍA DE CHAOS” DE SAN MAMEDE DE RIBADULLA

■ Polo seu ACIO DE OURO BRANCO na categoría de viños de colleiteiros e de pequenas adegas na “CATAS DE GALICIA 2025” organizado pola consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.



En galego...
hai  Vedra



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS